



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PARADA DE SIL PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A RECUPERACIÓN PATRIMONIAL DO FORNO DE CAMPÁS EN SAN VÍTOR DE BARXACOVA (PARADA DE SIL, OURENSE).

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co Concello de Parada de Sil o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio **a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Parada de Sil para a realización dunha actuación arqueolóxica para a recuperación patrimonial do Forno de Campás en San Vítor de Barxacova (Parada de Sil, Lugo).**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A través deste convenio de colaboración, preténdese levar a cabo a posta en valor do forno de fundición de campás do xacemento de San Vítor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense). A dita actuación consistirá, en concreto, na realización dunha consolidación e musealización do singular forno de campás para incorporalo, como un destacado elemento, dentro do xa por sí singular xacemento de San Vítor, aumentando o seu interese científico e atractivo cultural e turístico. Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación e difusión dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **10.21.433A.760.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **25.000 €** no ano 2018.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública e por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

